



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

**ANTONIO MANUEL FRAGA
UN BESTIARIO EN OZA**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg-gal



Deputación
DA CORUÑA

UN BESTIARIO EN OZA

- DE GULFAR A OZA

Gulfar é un lugariño da parroquia de Santaia da Viña, no concello de Irixoa. É descrito no libro *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, como “un rueiro composto por media ducia de casas a carón dun regato que cambiaba de nome segundo o lugar onde o encontrases”.

En Gulfar vivía Suso. De 13 anos, o máis novo de catro irmáns, todos varóns. Suso é un dos protagonistas do libro; e é, asemade, quen nos fará de guía no roteiro. Así que deixo que sexa el quen vos amose as crebas daquel verán de 1933 que pasou nas colonias escolares de Oza, que viviu nese lugar.

“Bo día. Chámome Xesús Varela Outeiro. Mais pódenme chamar Suso. Ou Susiño. Non vou falar da miña vida na aldea. Non son Balbino, son Suso. Non os convoquei para explicarlles como eran os meus labores cotiás, as xornadas na escola de Río Longo ou os xogos na aira, xa no serán. Só dicirlles que Gulfar existe, como existe aínda hoxe a que foi a miña casa. Velaquí a teñen nunha fotografía:




O narrador soñouna mentres escribía a miña historia. Despois, acabado o relato, visitou Gulfar por vez primeira e bateu coa miña casa. Serendipia, disque lle din na era moderna a estas

casualidades.

Foi don Valeriano Azpilicueta quen me enviou ás colonias escolares de Oza. Don Valeriano era o médico de Santaia da Viña. Miña nai traballaba na súa casa. Cando me examinou e comprobou a miña mala saúde, o doutor remexeu Roma con Santiago para que puidese pasar o verán nas colonias.

Así que unha mañá de comezos de maio, fun canda o meu tío Celso, que é arrieiro, até Betanzos. Alí collín o tren cara á Coruña.



Os vagóns de terceira estaban ateigados, polo que acabei sentando na plataforma exterior, onde chegou ás miñas mans un obxecto que marcaría o meu verán, un caderno titulado *Liber Bestiarium Scientificus*, escrito por unha misteriosa muller chamada Anxos Nogueirosa. Alí coñecín tamén a Tila, a miña Tila.

Acompáñenme, por favor, até o meu primeiro encontro con este lugar.


- ANTIGA ENTRADA DO SANATORIO

A chegada ao Sanatorio Marítimo de Oza ficará para sempre tallada na miña retina. Os rapaces e rapazas das colonias chegamos a este lugar a bordo dun tranvía.




Ao baixar, o olor do mar. Ese é o meu recordo máis vivo. Pensen que, aos meus trece anos, era a primeira vez que vía o mar na miña vida. Aínda que ao lonxe, a súa presenza intuíase desde esta parte alta.

Vin entón a entrada. Igual que sentinelas, dúas columnas gardaban a antiga porta do Sanatorio. E coroando cada unha destas columnas, a cruz de Lorena, símbolo da loita universal contra a tuberculose.




Encontrábame ante o acceso a un lugar con varios séculos de historia, con case tantas capas como peles ten unha cebola: batería para a defensa da cidade no século XVII, fortín no XVIII, lazareto no XIX, Sanatorio-escola marítimo nos primeiros anos do XX, hospital contra a tuberculose e, finalmente, campus universitario na actualidade (na súa actualidade, claro, non na miña...). Como ven, esta non é a entrada a un simple lugar, senón a todo un universo.

- A CASA DE OLEGARIO



Deteñámonos só un anaquiño neste lugar. Este edificio, agora reformado para outros usos, aparece nalgúns planos antigos como “casa do conserxe” e noutros como “casa do Administrador”. Para o caso, na miña historia era a vivenda de Olegario, o conserxe do Sanatorio Marítimo de Oza.

Olegario tiña uns cincuenta anos cando o tratei. Rosmón e bebedor, arrastraba unha coxeira herdada do accidente que marcou a fronteira entra a súa vida anterior, onde foi tripulante do cargueiro Karaboudjan, e a súa posterior como conserxe do sanatorio.



Durante a nosa estancia en Oza, Tila, Marcelino e mais eu fuximos de noite en varias ocasións do pavillón numero 4 para visitar a Olegario na súa casa, “unha torre cadrada e estreita con tellado a catro augas”. Mais non quero perder o tempo en vellas anécdotas. Así que: continuemos!

- ESPÍÑARIO E XARDÍNS DO SANATORIO

Paremos aquí para falar dos xardíns do Sanatorio Marítimo de Oza. Lembro aínda, tantos anos

despois, a miña reacción ao camiñar por vez primeira por estes xardíns. Alén da ramallada das árbores, a ría escintilaba baixo o sol igual que a cola dunha serea. O aire arrecendía a piñeiro, a temperatura era agradable e unha brisiña suave acariñábame a pel. Era, xúrollo —e non esaxero— como se estivese a entrar no mesmo paraíso terreal.

Naquela altura, concedíasele moita importancia á acción curativa da natureza, polo que a escolla das árbores a plantar nos terreos adxacentes a este tipo de sanatorios era de grande importancia. O Sanatorio de Oza poboouse principalmente de especies resinosas como piñeiros e eucaliptos, para asegurar a purificación do aire grazas a acción clorofílica das súas follas.

Seguramente vostedes estean afeitos aos eucaliptos. Agora as cousas cambiaron. Mais eu, a primeira vez que vin un foi aquí, nestes xardíns. E puíden recoñecelo grazas ás leccións de dona Elvira, que nos aprendeu a distinguir as follas das distintas especies exóticas que aquí medraban xardíns. De dona Elvira falarei máis tarde, que tamén merece unhas palabras.

O encargado de deseñar este espazo foi o arquitecto Pedro Mariño (o mesmo do Palacio de María Pita). Previamente, foi preciso fechar o perímetro dos terreos, sumando 6000 m² aos 7500 dos que xa dispuña o antigo recinto do lazareto.

Ademais dos eucaliptos e dos piñeiros, a plantación de especies arbóreas incluíu as seguintes variedades: plátanos, acacias, tuías, romeu, xestas e toxos. Pretendíase crear unha barreira entre os pavillóns e o muro exterior, evitando xerar un ambiente excesivamente húmido e sombrizo.

Os carreiros dos xardíns chegaban ao camiño da praia, en cuxas inmediacións o arboredo chegou mesmo a arrodear a capela. Incluíronse tamén un estanque de mármore, un miradoiro, un busto do doutor Martín Salazar, e a estatua clásica do Espiñario.



Había tamén daquela palmeiras, iucas e camelias, así como un enorme cedro próximo á porta do

sanatorio.

Desgraciadamente, o paso do tempo murchou estes xardíns, e pouco teñen que ver cos das miñas lembranzas.

Voulles agora falar doutros elementos que tamén borrou o tempo: os pavillóns número 1 e 2.

- OS PRIMEIROS PAVILLÓNS



Non teño unha boa lembranza do pavillón número 1 do Sanatorio Marítimo de Oza. Só entrei nel unha vez, e foi para cumprir un castigo inxusto que me impuxo sor Amparo por pelexar con Leandro, o líder da tribo dos babecos. Mais non perdamos o tempo coas miñas andrómenas...

Este Sanatorio Marítimo de Oza creouse a partir dunha Real Orde do 14 de maio de 1910 cunha dobre finalidade:

- Ser centro especializado no tratamento da tuberculose ósea.
- Exercer como preventorio infantil dependente do Ministerio de Gobernación; é dicir, funcionar como establecemento sanitario no que se prevén o desenvolvemento dalgunhas doenzas, especialmente a tuberculose.


Tivo A Coruña, daquela, o privilexio de contar cun dos poucos sanatorios marítimos do estado, baseados nos efectos benignos do mar e o sol, a vida ao aire libre, a sobrealimentación e o repouso; todo isto combinado coa educación das crianzas que até aquí chegabamos.

O proxecto inicial do sanatorio incluía a reforma da antiga casa de empregados e hotel do lazareto no pavillón número 1; e a conversión da fonda do lazareto no pavillón número 2, destinado á rapazada ingresada. Así, a vella fonda foi dividida en dormitorios, enfermaría, escola e sala de recreos. Nun principio estaba tamén aquí o comedor do sanatorio, mais foi trasladado en 1911 ao edificio do fortín, que será a nosa próxima parada.

Os pavillóns número 1 e 2 foron derrubados en 1993, ano no que comezaron as obras do novo Hospital Marítimo de Oza.

- O FORTÍN

Estamos agora no xermolo da historia deste lugar: o antigo fortín de Oza.



Debemos entón viaxar no tempo até a Coruña de comezos do século XVII. Despois do ataque de Francis Drake urxía unha mellora das defensas da cidade. Así, foi reconstruído o castelo de Santo Antón; e o castelo de San Diego –hoxe desaparecido –contou cun novo apoio na defensa costeira: a batería de Oza. Situada na punta do Puntal, a batería estaba formada por unha sinxela plataforma con tres pezas de artillaría destinadas a defender a praia e a entrada da ría do Burgo.

Xa no século XVIII, a batería foi reformada para incorporar un forte superior. Así, construíuse unha segunda plataforma semicircular e un fortín en forma de U para o aloxamento da tropa.

Cos anos, o fortín deixou de ter utilidade militar, polo que acabaría por ser reformado primeiro como dependencia do lazareto e, posteriormente, do Sanatorio Marítimo de Oza. Para iso, pechouse o seu patio interior para albergar o comedor e trasladáronse tamén ao vello fortín a sala de hidroterapia, a despensa, o almacén e a estufa de desinfección.

Pasei grandes momentos neste comedor. Dígoo con nostalxia.




E que comiamos alí a rapazada das colonias? Pois no xantar: caldo galego, patacas guisadas con carne, froitas, galletas e marmelo. E á cea: sopa, tortilla, lentellas con arroz e peixe, patacas en ensalada e filetes.

Non digan que non se lles fai fai a boca auga!

Veña! Imos ver o faro.

- O FARO DE OZA

Velaquí o faro de Oza.



En 1904, proxectouse a instalación deste faro para guiar os buques que entraban no porto da Coruña a través da canle norte da ría do Burgo. Até ese momento os únicos faros existentes era a Torre de Hércules e o faro do cabo Prioriño. O proxecto foi do enxeñeiro Salvador López Miño; e Juan Mosquera Morano dirixiu a obra até a súa entrega en 1915.

En 1932 –un ano antes da miña estadía en Oza –aumentouse a potencia da lanterna do faro e

levantouse unha segunda luz nunha posición máis alta, por detrás do sanatorio, a 294 metros do faro. Deste xeito procurábase formar un sistema de enfilación que servise aos buques para evitaren o baixo das Xacentes e a restinga do Seixo. Este sistema de enfilación deixou de funcionar en 1955, cando se modificou o rumbo de entrada dos buques no porto.

- O PAVILLÓN CIRÚRXICO FERNÁNDEZ LATORRE.

Chegamos ao pavillón número 3 ou pavillón cirúrxico Fernández-Latorre. Non gardo tampouco unha moi boa lembranza deste edificio. Aquí pecharon a Tila por mor da súa doenza, polo que estivemos días sen nos poder ver até o noso reencontro, na terraza posterior do pavillón, a noite da eclipse... Ai! Non quero poñerme sentimental, así que centrémonos!

O pavillón cirúrxico é o único dos tres primeiros pavillóns construídos no Sanatorio Marítimo de Oza que aínda se conserva. Inaugurado en 1913, tiña como obxectivo ofrecer un axeitado tratamento –ortopédico, medicamentoso ou cirúrxico –aos rapaces e ás rapazas menores de 15 anos enfermos de tuberculose de ganglios, ósos e articulacións. Estes tratamentos combinábanse con sesións de talasoterapia e hidroterapia.

Construíuse neste lugar pola idoneidade dos ventos e a súa orientación cara ao mar. Este pavillón tiña capacidade para acoller uns 20 nenos e nenas, contando con dormitorios con camas tanto gratuítas como de pagamento (2 pesetas diarias), baños, enfermaría, cociña, comedor, terrazas e unha sala de operacións, a primeira unidade cirúrxica dun sanatorio marítimo e que aínda hoxe se conserva en perfecto estado.

Entre 1921 e 1923, o pavillón foi reformado e a terraza posterior foi pechada para que a rapazada puidese tomar o sol nela, como se pode ver neste cadro de Seijo Rubio chamado “Baños de sol”. Esta reforma foi encargada ao arquitecto Pedro Mariño.




E por que leva o pavillón o apelido Fernández-Latorre? Pois pola importancia que Juan Fernández-Latorre, fundador de La Voz de Galicia, tivo na creación deste edificio, pois obtivo do Ministerio de Gobernación unha importante cantidade económica para a súa construción.

- O PAVILLÓN DE COLONIAS

O pavillón de colonias foi o meu fogar durante catro meses en 1933.

No enorme dormitorio do primeiro andar, durmía ollando o mar na compañía de case dúas dúcias de rapaces.



Durmía tamén no meu dormitorio o meu inimigo Leandro, o líder da tribo dos babecos. Mais había tamén algún bo compañeiro, como Alfredo “o rei dos peidos”, así alcumado por ser quen de interpretar o himno de Riego a base de peidos e arrouts.

Xa me estou indo do fío outra vez. Avísenme vostedes se divago!

En 1920, só dez anos despois da súa inauguración, o Sanatorio Marítimo de Oza quedou pequeno de máis para o número de peticións recibidas para as colonias. Tras barallar varias posibilidades, encargóuselle ao arquitecto Pedro Mariño (que como poden ver era moi traballadoriño...) o deseño dun novo pavillón.

A construción do pavillón de colonias, ou pavillón número 4, rematouse en 1926. O edificio, cunha superficie de 1200 m² por andar, contaba –ademais de con dormitorios –con servizos de hidroterapia, baños e duchas, almacéns, enfermaría, dúas azoteas no ático (onde sor Herminia, a monxa pitoña, subía de noite a fumar), un ximnasio... e a escola!

E se falo da escola, teño á forza que falar da miña mestra: dona Elvira.

Elvira Bao Maceiras traballou no Sanatorio Marítimo de Oza desde 1920 até o comezo da Guerra Civil, en 1936. Foi presidenta da Agrupación Republicana Feminina, e foron precisamente as súas conviccións como republicana e galeguista as que motivaron que fose destituída e represaliada (estivo varios meses no cárcere e foi afastada do ensino público).



Ademais das súas clases, lembro tamén as súas permanentes rifas coa dirección do sanatorio. Protestaba polas condicións coas que tiña que exercer o seu traballo de docencia, pola masificación, pola alimentación da rapazada... Era unha muller esixente, e quería que as cousas mellorasen.

Ben! Vamos agora até a capela; alí quérólles contar un par de cousiñas máis.

- A CAPELA DE SANTA MARÍA DE OZA

Cando Tila perdeu o coñecemento, nunha das nosas aventuras nocturnas na praia, Marcelino e mais eu carretámola até este adro e pousámola sobre unha lápida.

E xa que estamos aquí, voules falar brevemente da capela de Santa María de Oza. Polo menos do que eu sei, que non é moito...

O templo orixinal data da segunda metade do século XII, polo que na súa construción seguíronse as liñas do estilo románico.

En 1589 o lugar de Oza sufriu as consecuencias da represalia inglesa no desembarco da flota capitaneada por Francis Drake, quen –incapaz de dobregar a resistencia coruñesa– se retirou queimando casas e templos, incluída a que era daquela a igrexa parroquial de Oza.




En consecuencia, a capela tivo que ser reconstruída, iniciando unha serie de reformas que acabaron por desvirtuar a súa traza románica orixinal.

A capela encóntrase situada enriba dun penedo, a cuxos pés situábase a praia do Lazareto, hoxe desaparecida. Pídlles que usen agora a súa imaxinación para me acompañar até ese lugar.

- PRAIA DO LAZARETO

Deixei para o final o que é, sen dúbida, o lugar máis importante da miña experiencia neste entorno de Oza: a praia do Lazareto.

Neste areal, dividido en dúas partes por unha lingua de rocha, aprendín a nadar –ben, aprendeume Tila, que todo hai que dicilo...–, tomei o sol, fixen ximnasia, rexoubei, rin, xoguei... e outras cousas máis misteriosas que contarei máis tarde.



Antes, dicir que a praia do Lazareto e as súas inmediacións foron utilizadas desde a inauguración do sanatorio en 1910 pola rapazada das colonias. Durante os meses de verán, montábase unha caseta de madeira onde deixabamos a roupa mentres gozabamos dos baños.

Como era tamén lugar de lecer para a veciñanza dos Castros, en 1931 chegouse a un acordo para poder acudir á praia cun horario fraccionado, de xeito que a veciñanza viña a unhas horas e a xente das colonias a outras.

Voulles falar agora dunha lenda. Xa en 1607, o cardeal Jerónimo del Hoyo recolleu nos seus escritos os encontros dos mariñeiros da Coruña cos “homes mariños”, de quen dicía:

Algunas veces se han visto en esta playa algunos pescados de la misma figura que hombres y en todo le parecen, salvo que tienen las manos y pies un poco torcido por raçon de andar siempre nadando como las ranas. En las cabeças, pechos y espaldas tienen unas espinas negras y muy delgadas que parecen pelos; dicen los mareantes que son presagios de grandísima pesca y amigos de la gente humana y que les dan pan.

O que non dicía o Cardeal é o que unha veciña de Oza lle contou a Anxos Nogueirosa, a tía de Tila. Afirmaba a muller que os Homes Mariños saían do mar, na media noite, durante a derradeira lúa escura do verán, para cambiar as súas escamas na praia do Lazareto, que ao caeren sobre a area se convertían en argazo.

Tila e mais eu estivemos nesta praia a noite da derradeira lúa escura do verán de 1933. Queren saber se vimos ou non estes seres? Pois no libro *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa* teñen a resposta.

Moitas grazas!

IMAXES:

- Casa en Gulfar.** Fotografía de Antonio M. Fraga.
- As colonias escolares.** En: *Martínez y Rodríguez E. Memoria de las expediciones de colonias infantiles veraniegas al Sanatorio Marítimo Nacional de Oza, La Coruña, creadas y sostenidas por el establecimiento.* Madrid: Imprenta Municipal; 1929.
- El tranvía que iba hasta Sada inaugurado en 1922, estuvo activo hasta 1956, a su paso por el Sanatorio de Oza.** En: *La Voz de Galicia*, 22 de septiembre 2013. Alberto Martí Villardefrancos.
- Entrada principal al Sanatorio de Oza en los años 50.** En: *La Voz de Galicia*. 4 de enero de 1957.
- Plano incluido no Plan de Reforma.** En: *Reboredo A. Plan Especial de Reforma Interior Hospital Marítimo de Oza.* 1994.
- Viñeta de As aventuras de Tintín. O caranguexo das tenaces de ouro.** Hergé. Editorial Juventud.
- Espinario.** En: *Martínez Rodríguez E. Memoria de las colonias.* Madrid: s.n.; 1929.
- Antiga tarxeta postal.**
- El Fortín de Oza, estado de las obras en 1797.** España. Ministerio de Defensa. Archivo General Militar de Madrid. (AGMM, S. H. C-15/1)
<https://www.defensa.gob.es/portaldecultura/cultural/archivos/>
- Foto Ferrer.** Archivo familiar Moar Fandiño.
- O Faro de Oza.** Fotografía de Alberto Martí Villardefrancos para La Voz de Galicia.
- Baño de luz,** pintura de José Seijo Rubio, 1923.
- Os pavillóns do Sanatorio de Oza.** En: *Rodríguez Pérez JF. Las colonias escolares municipales madrileñas.* Tesis. UCM; 2001
- Foto Ferrer.** Archivo familiar Moar Fandiño.
- Antiga tarxeta postal.** Foto Blanco.
- Colección de postais. Sanatorio Marítimo de Oza: Un detalle de la playa.** Archivo do Reino de Galicia. Sig. 114.